

ACTA DA MESA SECTORIAL DO 30 DE NOVEMBRO DE 2018

Asistentes:

Pola Administración:

Margarita Prado Vaamonde.- Directora xeral de Recursos Humanos.
María Jesús Rúa Moure.- Subdirectora xeral de Selección e Políticas de Persoal.
Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Persoal e Réxime Retributivo.
María José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico.
María José Ríos Carro.- Xefa de servizo de Selección Fixa e Provisión.
Javier García Caeiro.- Xefe de servizo de Relacións Laborais.
Alberto López Suárez.- Técnico da Subdirección Xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico.

Polas organizacións sindicais:

María Xosé Abuín Álvarez (CIG)
Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)
Manuel González Moreira (CIG)
Begoña Peiteado Garrido (CIG)
Antonio Otero Peña (CESM-O'MEGA)
Emilio Armada Rodríguez (CESM-O'MEGA)
Roberto Celi Alzamora (CESM-O'MEGA)
Secundino J. Barreiro Balseiros (CESM-O'MEGA)
Ángel Cameselle Corbacho (CCOO)
Emilia Lamas Seoane (CCOO)
Ana Belén Puga Bello (CCOO)
Javier Martínez Fente (UGT)
José Luis Ferreiroa Sánchez (UGT)
Daniel Otero Castiñeira (CSI-F)
Carolina Moldes Castiñeira (CSI-F)
Manuel González Vázquez (CSI-F)
Manuel Da Costa Moure (CSI-F)
Carmen García Rivas (SATSE)
María Lourdes Carbajo Núñez (SATSE)

Lugar: Sala de reunións do Servizo Galego de Saúde.

Hora de comezo: 10:30 h. Hora de remate: 14:30 horas.

Asistentes: os membros da mesa sectorial que se relacionan no cadro adxunto.

Orde do día:

- 1.- Proxecto de decreto de oferta de emprego público de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde (2018).
- 2.- Condicións laborais e asistenciais do persoal dos Puntos de Atención Continuada.
- 3.- Rogos e preguntas.

1.- Proxecto de decreto de oferta de emprego público de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde (2018)

A directora xeral de Recursos Humanos abre a reunión indicando que só se recibiron alegacións escritas do sindicato UGT e que, en calquera caso, o documento reproduce o contido dos anteriores decretos de oferta de emprego do organismo. Lembra que nesta oferta concorren dous tipos de prazas vacantes: as da taxa de reposición ordinaria e as dos acordos de estabilización, que conflúen nun único proceso.

A Administración pasa a desenvolver os aspectos básicos desta OPE:

- Contén un total de 1.400 prazas, das cales 999 corresponden á taxa ordinaria e 404 á taxa adicional de estabilización de emprego temporal (31%, que se suma ao 62% da OPE de 2017); delas réstanse tres prazas en cumprimento dun acordo da Comisión Mixta do concerto do Sergas coa Universidade da Coruña (UDC).

A parte, existen 61 prazas de persoal funcionario das escalas de saúde pública e administración sanitaria da Consellería de Sanidade (Lei 17/1989), que se tramitan nun proceso independente deste.

- A distribución de prazas por categoría/especialidade contense no anexo do decreto. Entrégase un cadro coa relación das prazas totais por colectivo e categoría/especialidade.
- Os procesos selectivos derivados da execución desta oferta realizaranse por categoría e especialidade mediante unha única convocatoria, na que se incluírán todas as prazas incluídas no anexo (suma de taxa ordinaria e taxa de estabilización)
- O sistema será o concurso-oposición, con 3 posibles quendas de acceso: libre, promoción interna (PI) e discapacidade.
- PI do 50% con carácter xeral, por determinar nas convocatorias, cando polas características específicas da categoría ou pola titulación así se requira. Se a fracción resultante é de 0,5 ou superior incrementase unha praza nesta quenda. As prazas que non se cubran por PI acrecen á quenda libre.
- Discapacidade: a porcentaxe de prazas de discapacidade é o 7%, desagregada deste xeito:

Discapacidade xeral do 5% das prazas. A fracción resultante incrementa unha praza nesta quenda. Concéntranse naquelas categorías que oferten un mínimo de 10 prazas (artigo 8 do Decreto 206/2005)

Discapacidade intelectual do 2% das prazas. Concéntranse naquelas categorías que polo seu contido funcional mellor se adaptan ás peculiaridades das persoas con discapacidade intelectual e que posibilitan en maior medida, polo tanto, a súa integración laboral.

A convocatoria dos procesos selectivos derivados de discapacidade poderanse realizar conxunta ou separadamente cos procesos ordinarios.

- Galego: Proba selectiva ou acreditación mediante CELGA.
- Tribunais: composición paritaria no conxunto da oferta de emprego público.
- Respecto ás disposicións en materia de igualdade.

A continuación iníciase a intervención das organizacións sindicais:

- CIG lembra o seu desacordo coa taxa de reposición imposta legalmente e que non asinou os acordos da Xunta e do Goberno do Estado sobre estabilización e emprego público, porque prolongan o problema da precariedade. Realiza varias preguntas sobre as prazas de discapacidade intelectual, que lle son respondidas na propia intervención, e amosa a súa preocupación por que as incorporacións dos adxudicatarios daquelas poida supoñer algún problema organizativo, especialmente nos grandes núcleos de poboación onde é previsible que se concentren as adxudicacións deste tipo de prazas. Discrepa das cifras expostas e ofrecidas no anexo, así como da cesión das prazas á UDC e de que o Sergas non dispoña das 61 prazas da Lei 17/1989.

- CESM-O'MEGA maniféstase en contra da taxa de reposición que -sostén- prexudica máis ao colectivo de FEAs, e considera insuficiente a relación de prazas vacantes, salientando que hai especialidades nas que non existe oferta. Solicita un cronograma do proceso e reprocha que non se remitise o anexo antes da reunión, para poder debater sobre as prazas co necesario detemento.

- CCOO tamén ve insuficiente o número de vacantes, argumentando que o problema non é a taxa de reposición actual, senón a acumulación das taxas de todos os anos anteriores; e pon en valor os acordos asinados, porque permiten que se comece a reverter esta situación. Demanda máis información e sostén que todas as prazas cubertas dun xeito non regrado deberían incluírse na oferta. Discrepa de que as vacantes ocupadas en promoción interna computen na taxa de reposición. Louva que se inclúan categorías como as de persoal psicólogo clínico e enfermeiro especialista, malia que as prazas de enfermaría familiar antóllanse excesivas tendo en conta que non se celebrou aínda a proba extraordinaria de acceso á especialidade. Pola contra, noutras categorías e colectivos a oferta debería ser superior, dadas as vacantes existentes. Salienta que as categorías de mantemento levan dez anos sen convocarse.

- UGT abunda no contido do seu escrito de alegacións: resulta imprescindible que se acheguen á Mesa Sectorial os datos reais do número de prazas orzadas ocupadas con e sen solución de continuidade. Cómpre diferenciar a taxa de reposición (e os acordos) do que constitúe a oferta de emprego e o cómputo das súas prazas e, no dito senso, este sindicato aplicou a porcentaxe correspondente sobre as vacantes que entende existentes no sistema -ocupadas ou non por interinos- e o resultado dos seus cálculos arroxa unha cifra moi superior ás 1.400 prazas do anexo. Polo que lle pide á Administración que explicita cales son pois, nas actuais condicións, non pode dar a súa aprobación ao proxecto de decreto presentado, malia que non discrepe da parte do texto articulado.

- CSI-F solicita aclaracións sobre as prazas de discapacidade, que lle son facilitadas. Discrepa do número de prazas da OPE e do cómputo realizado, por entender que debería ser superior, e preocúpalle que parece que coa oferta seguinte se peche o proceso de estabilización. Tamén bota en falla a inclusión na oferta dos postos de persoal de mantemento.

- SATSE non ten discrepancias co articulado, si con determinados aspectos do anexo: aprecia un desequilibrio nas prazas de enfermería especialista, pois as de enfermaría pediátrica son escasas en comparación coa familiar e comunitaria; avoga pola incorporación ao sistema de prazas de enfermaría xeriátrica e argumenta esta petición. Malia que son coñecidos os límites orzamentarios (taxa de reposición) quere saber cuántas prazas do plan de estabilidade do Sergas afloraron en vacantes, aínda que non se oferten agora, pois segundo os seus cálculos o número de prazas de fisioterapeuta ou de matrona debería ser superior.

A Administración detalla os criterios de cómputo das prazas da oferta, diferenciando as da taxa de reposición ordinaria e as dos acordos de estabilidade. No primeiro caso pártese do persoal fixo que cesou no ano anterior (939 profesionais), restándolle os reingresos provisionais (14) e engadindo á cifra resultante (925) a porcentaxe do 8% polo cumprimento dos obxectivos de déficit, que, unha vez descontadas as tres prazas do concerto coa Universidade da Coruña, reflicte exactamente un total de 996 prazas. A estas súmanselle as do plan de estabilidade que non foran incluídas na oferta do ano anterior e resultan 404 prazas; restarían por convocar unicamente 78 prazas das áreas de xestión e servizos.

Reitera que a taxa de reposición, imposta legalmente, aplícase ata esgotala na súa porcentaxe máxima, como veu facendo esta Administración todos os anos anteriores. Aclárase que as prazas

de persoal funcionario (non estatutario) da Consellería de Sanidade non lle corresponden ao Sergas, polo que legalmente non computan aos efectos que veñen de expoñerse. Tamén indica que non cabe mesturar prazas de convocatorias diferentes e con distintas taxas de reposición, nin prazas de OPE con prazas de concurso, ou confundir persoal eventual con temporal, etc.; iso leva a erros. A Administración é escrupulosa cos cálculos e ofrece os datos reais con absoluta transparencia. Agora fíxose un esforzo nas categorías e áreas recollidas no anexo, primando as especialidades sanitarias e co compromiso de incluír vacantes da área de mantemento na oferta seguinte.

A subdirectora xeral de Selección e Políticas de Persoal expón un cronograma dos procesos pendentes ou en trámite:

- Respecto aos procesos de provisión, na primeira quincena de decembro publicarase no DOG a apertura do concurso aberto e permanente das categorías de facultativo/a especialista de área, médico/a de urxencias hospitalarias, médico/a de admisión e documentación clínica, médico/a asistencial do 061 e técnico/a en farmacia.
- No que atinxe ao concurso-oposición da OPE en curso, na xornada de hoxe remata o prazo de presentación da documentación dos aspirantes seleccionados nas convocatorias de persoal facultativo especialista de área e técnico de prevención de riscos laborais. Prevese que o acto de elección de destinos sexa antes do vindeiro nadal, e que as tomas de posesión se realicen a partir do 15 de xaneiro de 2019. Respondendo a preguntas das OOS, lémbrese que os destinos concretos que se oferten corresponderanse coas vacantes ocupadas por interinos e coa premisa de garantir, consonte as potestades de autoorganización da Administración, a cobertura dos distintos centros, especialmente os comarcais.

Para aquelas categorías cuxos exames serán o próximo ano, nos próximos días publicaranse as listaxes definitivas de aspirantes admitidos (categorías de enfermaría, celador/a e auxiliar da función administrativa) e seguidamente (na primeira quincena de decembro) a designación do tribunal de celador/a.

Tras estas intervencións péchase a negociación do decreto de oferta de emprego público para 2018, procedéndose a iniciar a súa tramitación regulamentaria.

2.- Condicións laborais e asistenciais do persoal dos Puntos de Atención Continuada

A directora xeral de Recursos Humanos expón que acaban de recibirse as alegacións ao documento presentado na última mesa, o 23 de novembro, e mesmo houbo sindicatos que non as formularon; polo que invita a todas as OOSS a ofrecer as súas valoracións nunha rolda de intervencións:

- CIG indica que hai experiencia en negociar na Mesa Sectorial en situacións de conflito, pero non de crispación; para rebaixala solicitan retirar da proposta dous puntos: o das gardas localizadas, para abordalo con tempo máis adiante, e o do vínculo de estabilidade. Pide separar os temas de recursos humanos dos asistenciais; dentro dos primeiros, no plano económico debe negociarse a recuperación do 20% do complemento de nocturnidade e festividade suspendido, e non é óbice que se negociase a carreira: outros sectores da Administración negocian melloras en paralelo á súa carreira profesional; sobre uniformidade: debe haber uniformes distintos para interior e traballo externo, avoga pola mesma uniformidade que no 061; respecto ao cómputo de xornada, a Lei de emprego público galega establece os permisos retribuídos en días hábiles e na xornada do traballador/a, agás cando se especifiquen por días naturais, polo que cada permiso debe ser de sete horas e non atrasar o cómputo da xornada complementaria.

- CESM-O'MEGA valora positivamente o documento, pero debe incluír máis cousas, pois non garante aínda a neutralidade da IT no cómputo de xornada, nin a dotación de equipos completos; tamén solicita que se retire o documento o apartado de *Outros acordos*, pois este non debe ser o seu ámbito, senón que debe abrirse un foro de debate máis amplo que abranza toda a atención primaria (CESM). A indemnización por manutención debe aplicarse tamén ás xornadas de 17 horas e non só ás de 24, revalorizando o importe dos 10 euros establecidos no 2008 conforme o IPC; respecto á uniformidade, o persoal temporal ten que gozar de equipos de protección axeitados igual que o de cadro; os indicadores do ADX-S deben negociarse cos servizos antes do inicio de cada ano de vixencia, con criterios de calidade asistencial; os permisos deben computarse na xornada igual que para o resto de profesionais do Sergas e os excesos de xornada ter incentivos por tramos; aprecia excesivas présas da Administración coas gardas localizadas, cando é un tema que non estaba nas reivindicacións e que non vai solucionar o déficit de persoal; deben tratarse primeiro outros puntos; reivindica o levantamento da suspensión do 20% do complemento de nocturnidade e festividade; pide a revisión dos plans funcionais e que se

incremente a súa dotación; para rematar reitera a petición de equipos completos co mesmo número de persoal médico e de enfermaría (O'MEGA).

- CCOO entende normal que haxa crispación tras nove meses de conflito e sen que a comisión técnica achegase solucións, polo que agora debe negociarse co comité de folga. A proposta da Administración ten aspectos que xa estaban no acordo de 2008, o que cómpre é cumprilo. Sobre os puntos concretos do documento comenta que o tema das gardas localizadas non fora reivindicado e pode ocasionar aínda máis crispación, polo que pide retiralo da negociación, ao igual que as materias de asistencia sanitaria; pola contra, a recuperación do 20% do complemento de nocturnidade e festividade suspendido é imprescindible para este sindicato, máxime tendo en conta que noutros sectores a Administración autonómica está a mellorar as condicións laborais e retributivas de varios colectivos e entidades (e cita tamén as melloras recentemente acadadas no 061); en consecuencia, procede equiparar o persoal de PAC co seu homólogo de atención hospitalaria; denuncia que non hai equipos completos en numerosos PACs. A negociación debe abranguer todos os asuntos enumerados na plataforma reivindicativa.

- UGT amósase de acordo con boa parte das intervencións anteriores (nun clima de conflito demasiado longo e ao que non se lle deron solucións), pero non con que non se negocie na Mesa sectorial: este é o foro propio para tratar todos os temas reivindicados, sen que caiba admitir negociacións paralelas, assemblearias ou multilaterais. Sobre o documento, insiste en que se levante a suspensión do 20% dos complementos mencionados, cun cronograma de recuperación de dereitos, e que se actualicen as dietas; sobre as gardas localizadas e á vista de que este punto suscita controversia, pide que se retire do documento.

- CSIF salienta que se a proposta se presentase antes teríanse evitado conflitos. Reitera que na manutención contemplarse o almorzo (15:00 h) e incrementarse as contías; e que o texto debe recoller que se garantan dous EPIs por profesional e que se negocien os indicadores do ADX-S cunha representación do persoal dos PACs. No cómputo de xornada, a neutralidade debe estenderse a todos aqueles permisos que teñan unha duración de ata cinco días, nomeadamente recollidos no Acordo de concertación social de 2001. A proposta de gardas localizadas é un aspecto que chega tarde e en calquera caso debe basearse na súa voluntariedade. Finalmente, insiste na dotación de equipos dobres de persoal médico de familia e enfermeiro, coa creación das prazas de enfermaría que sexan necesarias.

- SATSE propón incrementar os importes da manutención con tres dietas se a prestación é de 24 horas; deben equipararse os equipos, co mesmo número de efectivos de persoal médico e de enfermaría (garantíndose dous por categoría e quenda); a uniformidade corporativa debe implantarse nun prazo breve e razoable; os obxectivos do ADX-S teñen que ser negociados efectivamente, non impostos polas xerencias. Respecto ás gardas localizadas, cre que non debe tomarse como referencia o sistema da EOXI de Vigo, pois considera que a experiencia non foi positiva.

- A directora xeral subliña que hai aspectos nos que é máis doado acadar acordos, caso dos EPIs, a manutención (aínda que aprecia cambios de postura en varias OOSS), a negociación de indicadores do ADX (caso da derivación hospitalaria, que se suprimiu) ou a uniformidade, cunhas pretensións que resultan razoables. Respecto ao cronograma de implantación de uniformes e equipos de protección que algunha organización solicitou, estudárase coa Dirección de Recursos Económicos. Noutros aspectos importantes hai dificultades, como no cómputo de xornada ou nos complementos de nocturnidade e festividade.

Tamén salienta a Administración que no seu día debatéronse nesta mesa as prioridades de negociación, co parecer unánime de que o primordial era a carreira profesional. Polo que é complicado abordar agora unha recuperación de complementos que xuridicamente suporía un incremento económico e que, ademais, versa sobre aspectos retributivos suspendidos pola lexislación orzamentaria.

Respecto ás gardas localizadas, o Sergas realizou unha proposta informal que nos seus termos xerais parecía ben acollida por parte de xerencias, OOSS e profesionais; xurdindo agora discrepancias nas que mesmo se aprecian contradicións. De calquera xeito, a Administración sanitaria ten que contar con recursos para garantir a asistencia diante de situacións imprevistas, sempre adaptados ás circunstancias de cada caso e centro (neste senso, recibíronse moitos escritos de profesionais da EOXI de Vigo, por iso considerouse principiar a implantación nesa xerencia). Tampouco parece acertado retribuír as gardas localizadas e computalas ao mesmo tempo como xornada complementaria.

Poden priorizarse determinadas materias das reivindicacións do persoal dos PACs, pero sen illar temas concretos que monopolicen o debate e impidan avanzar noutros puntos, como pode acontecer co cómputo de xornada. Sobre este aspecto a Administración salienta que o sistema

garante a neutralidade dos períodos de IT, e que o cobro do concepto *xornada complementaria* prodúcese cando (tal como establece a norma) existe unha *prestación efectiva de servizos*, de xeito que a IT non pode xogar nin a favor nin en contra á hora de entrar na xornada complementaria; e anima ás OOSS que discrepan do recollido neste punto a que formulen propostas de redacción alternativas.

Tras un amplo debate, no que as distintas OOSS comentan e realizan cantas valoracións e matizacións entenden oportunas (tanto no que atinxe ao contido do documento como ao resto de intervencións) fica aberta a negociación; quedando as partes emprazadas a continuar realizando cadansúas propostas cara ás vindeiras sesións da Mesa Sectorial, co fin de resolver o conflito e mellorar as condicións laborais e asistenciais do colectivo de persoal dos PACs.

3.- Rogos e preguntas

- CIG manifesta a súa queixa polos erros ortográficos na lingua galega apreciados na redacción dos exames da última oposición; e solicita a constitución da comisión de eleccións sindicais.
- CCOO interésase pola constitución de comisións técnicas e/ou a celebración de reunións pendentes en aspectos tales como permisos ou especialidades de enfermaría. Solicita asemade que se corrixa o anexo da futura orde de integración no réxime estatutario do persoal de entidades, no que atinxe concretamente á Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) e no sentido de substituír a referencia a persoal técnico superior non sanitario por técnico da función administrativa; na axencia entenden que isto non se axusta á realidade e ademais suporá problemas para a participación deste persoal en futuros procesos de mobilidade.
- UGT incide no apuntado por CCOO respecto ao persoal da ADOS.
- SATSE tamén solicita que se convoque a comisión técnica de especialidades e denuncia unha incidencia que non permite ver o baremo do concurso específico das especialidades de enfermaría a través de FIDES; finalmente, pregunta se é posible que os aspirantes corrixan as súas solicitudes co fin de eliminar prazas pedidas por erro.

A Administración destaca o rigor do persoal colaborador na redacción dos exercicios, sen prexuízo de que poidan existir erros puntuais. Non cabe mudar as solicitudes de participación no concurso

baseándose no erro comentado. Respecto ás reunións solicitadas, lembra que hai moitos temas pendentes e haberá que priorizar as materias; con todo, acórdase fixar a constitución da comisión técnica consultiva de eleccións sindicais para o vindeiro 14 de decembro, e para as restantes reunións establecerase un calendario xa a comezos de 2019. Revisaranse os restantes aspectos e incidencias comentados.

Logo disto, péchase a reunión ás 14:00 horas.